

ANEXO NORMATIVO

1. O servizo a prestar pola Empresa consistirá no desprazamento dos usuarios, nos horarios que permitan a chegada ao centro escolar nos horarios establecidos en cada centro, con autocares adaptados á normativa vixente en materia de transportes terrestres.
2. Para garantir o acceso ao autobús, o usuario levará consigo o pase de transporte que se lle facilitará desde a Empresa, e terá a obrigaón de ensinarllo ó condutor no momento da subida no autobús
 - a. O pase de transporte e propiedade da Empresa, que o cede ao usuario mentres dure a súa validez.
 - b. A validez do pase de transporte será unicamente para os días lectivos do curso escolar, de acordo coa normativa vixente sobre o calendario escolar determinado polas autoridades educativas.
3. O usuario do servizo de transporte estará obrigado a cumprir determinadas normas de comportamento. En concreto:
 - a. Chegar á parada coa debida anticipación para non alterar o tempo da viaxe nin prexudicar ao resto dos usuarios do transporte.
 - b. Manter un comportamento axeitado co condutor; acompañante se o houbera, e co resto dos usuarios, sen faltarlle ó respecto e sen atentar contra a súa dignidade.
 - c. Permanecer sentado durante o traxecto e non ocupar os asentos dianteiros do autobús que estarán reservados para os nenos menores de 10 anos.
 - d. Non causar danos no vehículo
 - e. Non manipular os mecanismos de seguridade interior e exterior do vehículo.
 - f. Non consumir alimentos nin ningunha sustancia ilegal no interior do autocar
 - g. Non subtraer ningunha pertenza que se atope dentro do autocar.
 - h. Non cometer calquera acto ou incidencia voluntaria que poida comprometer a seguridade do transporte
 - i. Cumprir en todo momento coas indicacións que marque o condutor de autobús ou o acompañante se o houbera, responsable do cumprimento das normas de uso do autocar.
 - j. O incumprimento reiterado das normas de recollidas neste punto, serán comunicadas ao centro escolar, e de acordo con el, procederase a avaliar a sanción que corresponda, podendo chegarse á cancelación do pase de transporte en función da gravidade dos feitos cometidos.
4. Pagamento do recibo de transporte:
 - a. E obrigatorio pagar o recibo mediante domiciliación bancaria. A Empresa xirará o recibo no número de conta comunicado polo solicitante, o día 10 de cada mes, agás no mes de setembro que se xirará o día 20, debido a razóns de comezo do curso escolar.
 - b. O solicitante deberá comunicar á Empresa, antes do último día de cada mes, calquera variación nos datos de domiciliación do recibo, nos datos de contacto, así como da baixa do usuario no servizo de transporte.
 - c. No caso de devolución do recibo bancario o solicitante deberá poñerse en contacto coa Empresa para comunicalo, de xeito que se lle poda comunicar a nova forma de pago. Os gastos de devolución do recibo bancario, cando estes non sexan imputables a un erro por parte da Empresa, serán repercutidos ao solicitante co novo recibo.
 - d. No caso que un usuario non dispoña dunha conta bancaria no que domiciliar o recibo e polo tanto teña que pagar en efectivo, deberá presentar esta solicitude, en persoa nas oficinas da Empresa. Este acto suporá o compromiso de aboar o importe do recibo nos 10 primeiros días de cada mes.
 - e. O non pagamento, ou a acumulación de dúas mensualidades non pagadas de xeito consecutivo, habendo sido comunicadas previamente ó solicitante, supón a cancelación do pase de transporte e polo tanto a denegación de acceso ao autobús.
5. Estas normas son parte inseparable da solicitude de alta no transporte. A sinatura da presente, supón a aceptación das normas recollidas neste anexo normativo.